

Por Resolución da Presidencia do CES-Galicia de data 19 de decembro de 2008, autorizouse a iniciación dun expediente anticipado de gasto por importe de 21.577,30 euros, para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e sen mesa, do servizo de limpeza das instalacións deste organismo sito na rúa Algalia de Abaixo nº 24 de Santiago de Compostela.

De conformidade co disposto no artigo 162.1 da Lei de Contratos do Sector Público, con data 5 de xaneiro de 2009, solicitáronse ofertas ás empresas que de seguido se relacionan e que así consta no expediente:

- T.I.G. GALICIA, S.L.
- LIMPIEZAS INTEGRALES RAMIRO, S.L.
- FERROVIAL SERVICIOS, S.A.

Das empresas invitadas a participar contestaron dúas das tres relacionadas das que tan so presenta proposta a empresa FERROVIAL SERVICIOS, S.A., declinando participar a empresa T.I.G. GALICIA, S.L., polo que a primeira das citadas aporta a documentación correspondente en regra e a súa oferta económica que é de 21.577,30.- euros IVE incluído, cantidade que se atopa dentro do importe máximo de licitación establecido.

En consecuencia e de conformidade co disposto nos artigos 176.2 e seguintes da antes citada Lei, procede adxudicar o contrato a favor da empresa FERROVIAL SERVICIOS, S.A., por cumprir cos requisitos esixidos pola resolución de convocatoria antes mencionada e resultar a única oferta válida.

A empresa seleccionada deberá efectuar o depósito da garantía definitiva por importe de 1.078, 86 euros equivalente ó 5% do importe de adxudicación, con carácter previo á formalización do contrato e no prazo de quince ías contados a partir do día no se lle notifique a adxudicación. Dita constitución da garantía deberá facerse a favor do Consello Económico e Social de Galicia na Caixa de Depósitos da Consellería de Economía Facenda.

En consecuencia, esta Presidencia, **RESOLVE**

1º.- Adxudicar o contrato para a prestación do servizo de limpeza das instalacións do Consello Económico e Social de Galicia na rúa Algalia de Abaixo nº 24 de Santiago de Compostela, á empresa FERROVIAL SERVICIOS, S.A., por importe de 21.577,30 euros e para un prazo de execución DUN ANO.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2009.

O PRESIDENTE DO CES-

Asdo. Pablo Egerique Martínez. -